<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.

Contidos

- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa a máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo destes coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas nas que o mesmo alumnado aplicará os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvennos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introdutorias dos diferentes contidos combinaranse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación. Estas actividades servirán de exploración dos coñecementos previos mediante actividades motivadoras, test ou exercicios introdutorios, xa sexa en cada unidade ou en cada bloque de contidos, que permitan ao docente facer un bo diagnóstico do punto de partida.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Os contidos deben ser progresivos e introducidos de forma atraínte. Partirase do concreto ao abstracto, do particular ao xeral, os exercicios e problemas introduciranse de modo gradual, deben ser transversais e reflectir situacións que lles resulten próximas aos e ás estudantes. A súa resolución debe servir para que o alumnado teña unha visión ampla e científica da realidade, para estimular a creatividade, a iniciativa e favorecer o traballo en equipo, valorando as ideas alleas, argumentando as propias e asumindo os posibles erros.

Prestarase especial atención a que o alumnado valore a coherencia das respostas e ao rigor na escritura da linguaxe e simboloxía matemática.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado. Nese sentido, haberá actividades de reforzo e de ampliación voluntarias que poderán ser interactivas ou non e estarán a disposición do alumnado na aula virtual da materia.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual. O material de traballo de cada unidade (apuntamentos, boletíns, fichas interactivas, vídeos...) estará no curso da aula virtual do centro creado para a materia e grupo. Co fin de que todo o alumnado estea familiarizado co manexo das ferramentas da aula virtual, o docente preocuparase de informar, entrar e traballar na aula virtual dende o centro durante o mes de setembro den de a aula de informática, para detectar dificultades e ofrecer solucións, así como poñer en coñecemento da dirección do centro os posibles casos de alumnado con necesidade de equipamento tecnolóxico.
Apuntamentos de cada unidade realizados polo profesorado.
Actividades de consolidación en cada unidade: Boletíns e fichas interactivas.

Actividades de reforzo e de ampliación: Boletíns e fichas interactivas
Materiais manipulativos (na clasificación dos números reais, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática, onde se poderán desenvolver as actividades interactivas de consolidación así como traballar con programas como a folia de cálculo ou o geogebra.
Calculadora científica: Recoméndase o seu uso en todos os niveis, coa finalidade de lograr unha competencia aceptable no seu manexo. O seu uso debe ser gradual, puntual en 1º da ESO e imprescindible nos cursos de Bacharelato. O Departamento de Matemáticas recomenda os seguintes modelos: CASIO fx-82SPXII fx-570SPXII o fx-991SPX IBERIA CLASSWIZ.

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévese a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas así como a partir de batería de preguntas orais. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	20	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	0	80
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	100	20

Criterios de cualificación:

Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por trimestre.

As táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade “Matemáticas para a vida en sociedade” estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliará o traballo de aula:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Cando se fagan traballos de investigación, estes suporán o 50% da nota da unidade “Matemáticas para a vida en sociedade”.

Cálculo da nota da 1ª avaliación:

O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas realizadas nesa avaliación. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade “Matemáticas para a vida en sociedade”.

Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:

O alumnado que non supere a 1ª avaliación, por ter unha cualificación inferior a 5 puntos, terá unha proba de recuperación escrita, previa ao remate da seguinte avaliación. Esta nova cualificación substituirá á obtida anteriormente nas probas escritas, para todos os efectos de cálculo de medias. A parte correspondente ao traballo de aula poderase recuperar facendo entrega de tarefas específicas para tal fin.

Cálculo da nota da 2ª avaliación:

O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas realizadas nesa avaliación. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade “Matemáticas para a vida en sociedade”.

Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:

O alumnado que non supere a 2ª avaliación, por ter unha cualificación inferior a 5 puntos, terá unha proba de recuperación escrita, previa ao remate da seguinte avaliación. Esta nova cualificación substituirá á obtida anteriormente nas probas escritas, para todos os efectos de cálculo de medias. A parte correspondente ao traballo de aula poderase recuperar facendo entrega de tarefas específicas para tal fin.

Cálculo da nota da 3ª avaliación:

O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas realizadas nesa avaliación. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade “Matemáticas para a vida en sociedade”.

Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

Se un alumno é avaliado negativamente na 3ª avaliación por obter unha nota inferior a 5, pero a nota é superior a 3 e a cualificación final da convocatoria ordinaria é igual ou superior a 5 puntos, considérase superada a materia. Realizará actividades de reforzo da devandita avaliación, no período comprendido entre a avaliación ordinaria e o remate do período lectivo.

Se a cualificación da terceira avaliación é inferior a 3 deberá ir á proba extraordinaria coa materia correspondente.

Cálculo da nota da avaliación ordinaria:

-Se o alumnado ten unha nota igual ou superior a 3 na terceira avaliación:

A cualificación final da convocatoria ordinaria será o 20 % obtido das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación da unidade “Matemáticas para a vida en sociedade” e o 80 % a media aritmética das restantes unidades avaliadas e impartidas.

No caso de que a cualificación final da convocatoria ordinaria sexa inferior a 5 puntos, xa calculada esta coa cualificación das recuperacións; o/a alumno/a terá que presentarse á proba extraordinaria e fará actividades de reforzo e recuperación das avaliacións non superadas, durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e o remate do período lectivo.

-Se o alumnado ten unha nota inferior a 3 na terceira avaliación:

Por non alcanzar os mínimos de consecución na materia, será cualificado cunha nota inferior a 5 na convocatoria ordinaria e deberá presentarse á proba extraordinaria coa materia correspondente.

Subida de nota para o alumnado aprobado na 1ª e/ou 2ª avaliación:

Tras o cálculo da nota de cada avaliación, o alumnado que teña superada dita avaliación poderá presentarse a subir a súa nota nela mediante unha proba (que coincidirá en data coa de recuperación) para subir a nota da parte correspondente ás probas escritas desa avaliación. Esta proba englobará todas as unidades avaliadas en dita avaliación. Para subir a nota da parte correspondente ás táboas de indicadores, poderá entregar aquelas tarefas específicas para tal fin.

Ao non haber recuperación específica para a 3ª avaliación, tampouco haberá oportunidade para subir nota para o alumnado aprobado.

Criterios de recuperación:

No apartado anterior detállase o procedemento de recuperación ao longo do curso, a través de probas escritas e/ou entrega de tarefas. No caso de que, tras realizar as pertinentes probas/tarefas, un/ha alumno/a obtivese unha nota inferior a 5 na avaliación ordinaria, irá á convocatoria extraordinaria.

Proba extraordinaria

O alumnado que non supere a materia de matemáticas na convocatoria ordinaria, disporá doutra oportunidade que no presente curso se realizará no mes de xuño, na última semana do curso.

A proba extraordinaria consistirá nunha única proba dividida por avaliacións, na que o/a alumno/a poderá recuperar a parte que lle corresponda. É dicir, o/a alumno/a examínase soamente das unidades avaliadas nas avaliacións que

non superase tras os procedementos de recuperación anteriormente descritos.

Neste caso a cualificación será:

-Se na proba extraordinaria, ten que recuperar unha ou dúas avaliacións a cualificación será: (nota de avaliacións aprobadas x número de unidades correspondentes+ nota de proba extraordinaria x número de unidades correspondente a cada avaliación non superada) / número de unidades totais. (Observación: non se contabiliza a unidade "Matemáticas para a vida en sociedade" para o cómputo de unidades.)

-Se na proba extraordinaria ten que recuperar as tres avaliacións, a cualificación será a obtida na devandita proba.

A nota obtida segundo o procedemento descrito anteriormente será a nota que figure na avaliación extraordinaria. Se obtén unha nota igual ou superior a 5 , considerarase aprobada a materia.

Aquel alumnado que non compareza á proba extraordinaria, independentemente do número de avaliacións a recuperar, constará como non presentado na acta de avaliación extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Seguimento:

O alumnado que estea en 2 de bacharelato coa materia pendente de 1 de bacharelato, ao comezo de curso será informado dos contidos mínimos para recuperar a materia así como dos procedementos de avaliación e distribución de contidos ao longo do curso.

En cada parcial, o alumnado recibirá actividades de reforzo a realizar para preparar as probas de recuperación que se detallan a continuación.

Recuperación:

Realizaranse tres probas parciais tales que:

-Primeira proba: A súa nota será a da materia pendente na primeira avaliación.

-Segunda proba: A súa nota será a da materia pendente na segunda avaliación.

-Terceira proba: A súa nota será a da materia pendente na terceira avaliación.

Cada docente informará ao seu alumnado de forma persoal das datas acordadas e publicaranse na aula virtual

Cualificación da materia pendente:

A cualificación final será a media ponderada das tres probas parciais, sempre que a media ponderada sexa de 5 puntos ou superior. A ponderación farase en función da cantidade de unidades avaliadas en cada proba.

Se a media ponderada anteriormente descrita é inferior a 5 puntos, o alumnado realizará unha última proba antes da convocatoria ordinaria na que se examinará das unidades correspondentes ás probas parciais non superadas. Esta proba estará dividida en tantas seccións como probas parciais necesite recuperar dito alumnado, que levarán notas independentes e substituirán ás notas das probas parciais a efectos do cálculo dunha nova media ponderada en función das unidades correspondentes a cada proba parcial. Esta nova media será a cualificación final que leve o alumno na convocatoria ordinaria.

Considérase recuperada a materia cando a cualificación final segundo a casuística anterior é superior ou igual a 5 puntos. En caso contrario, deberá presentarse a unha proba extraordinaria que incluíra a totalidade da materia.

Aquel alumnado que non compareza á proba extraordinaria, constará como non presentado na acta de avaliación extraordinaria.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo segundo vaian xurdindo necesidades.

No que se refire ás necesidades de apoio educativo do alumnado tomaranse as medidas establecidas nos protocolos correspondentes, segundo sexa o caso(TDH, TDA, Dislexia...) entre cuxas medidas se pode atopar: concesión de máis tempo na realización dos exames, preguntas concretas, claras e concisas dividíndoas nos apartados que sexan necesarios para a súa comprensión, resalte da información importante e relevante, etc. e estarase en continua coordinación co departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial			X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X

	UD 9
ET.7 - A creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	X
ET.9 - A formación estética	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao MUNCYT	Realizárase unha visita ao museo MUNCYT para apreciar a aplicación das matemáticas en diversos ámbitos coñecemento.		X	
Conferencia de divulgación matemática:	Actividade de divulgación matemática impartida por docentes e/ou investigadores en Matemáticas (Por exemplo as organizadas pola USC)		X	
Visita ao IGE	Conectar ao alumnado coa utilidade da estatística.		X	

Observacións:

O Departamento de Matemáticas está interesado en apuntar ao alumnado a:

- Charlas de interés ou conferencias de divulgación científica. Para elo os membros do departamento estaremos atentos a diferentes convocatorias de charlas nos centros educativos para poder solicitar en prazo as do noso interese. Algunhas das charlas solicitadas no curso 23-24 do programa APonte da USC foron interesantes para o alumnado.
- Excursións interdepartamentais a diferentes cidades galegas para poder visitar museos coma MUNCYT (A Coruña), exposicións, o IGE (Santiago de Compostela) ou facer paseos matemáticos empregando a aplicación MathCityMap. Comunicaremos este interese á vicedirección do centro para que o teña en conta no deseño de excursións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces

Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 22.2 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar os "procesos de ensino" e a "propia práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados